

1 Le o texto e rodea as palabras relacionadas co corpo:

Dorotea, Rosalinda e Sabela eran princesas reais. Tiñan trinta armarios cheos de preciosos vestidos e serventes que lles limpaban o nariz e que ata lles levaban a todas partes tres almofadas para que os seus cus maxestosos sentasen no brando. É posible imaxinar unha vida tan fermosa?

Pero Sabela, a princesa máis nova, non era feliz. Non, nin tan sequera un chisco.

De súpeto, a porta do cuarto abriuse e entraron en formación seis criados con peites e cepillos para cepillar as súas melenas, rizadores de pelo, limas de unllas e preciosos vestidos.

—Non quero que me laven a cara, nin que peiteen os meus cabelos, nin que me fagan rizo! —berrou Sabela meténdose debaixo da cama.

Cornelia Funke: *A princesa Sabela*, Edicións Xerais (adaptación).

2 Busca no texto do exercicio anterior e escribe:

tres nomes propios:

tres nomes comúns:.....

3 Escribe o antónimo das seguintes palabras do texto:

cheos

duro

nova

feliz

4 Completa as palabras con **c** ou **qu**:

.....iñentos

.....ume

re.....eixo

mer.....ado

re.....ado

.....azar

.....entar

.....eimadura

5 A ti gustaríache ter a vida de Sabela?

.....

.....

.....